

Concello de Viveiro

EXPTE.- 667/2025.

MODIFICACIÓN RESULTADOS PRIMEIRO EXERCICIO COMO CONSECUCENCIA DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS

MODIFICACIÓN DOS RESULTADOS DO PRIMEIRO EXERCICIO CORRESPONDENTE Á PROBA LEVADA A CABO O 16 DE XULLO DE 2025 POLO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT OPERARIO/A CON DESTINO CEMITERIO (OP0.1/138) COMO CONSECUCENCIA DA RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA DE CONFORMIDADE CO PRAZO DE ALEGACIÓNS OUTORGADO POR ESTE TRIBUNAL.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 17 de febreiro de 2025 Núm. 039, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 26 de febreiro de 2025, DOG Núm. 39, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 25 de marzo de 2025, Núm. 72, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) persoal laboral fixo na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 17 de xuño de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Realizado o primeiro exercicio en data 16 de xullo de 2025.

Resultando que en data 17 de xullo de 2025 publícase, no taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro, no Taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro e na paxina web, o resultado do primeiro exercicio correspondente á proba levada a cabo as 13:00 horas do 16 de xullo de 2025 polo Tribunal do proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138).

Visto que en dita publicación se indicou por este Tribunal que os aspirantes dispoñían dun prazo de alegacións aos resultados deste primeiro exercicio de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación deste resultado no taboleiro de anuncios dixital, rematando este prazo o 21 de xullo de 2025.

Visto que consta presentada a seguinte alegación:

- Alegacións presentadas por parte do aspirante D. Oscar Fernandez Louzao en relación coa pregunta 21, solicitando, en resumo, o seguinte:

A invalidación da pregunta número 21 relativo ao primeiro exercicio da fase de oposición, observando un posible erro na pregunta "21" referente á adhesión do "xeso". Considerando que existe unha falta de información en relación ao estado no que se atopan os materiais, o que sera, unha ambigüedade importante que dificulta unha correcta elección da resposta.

Os membros do Tribunal proceden a resolver as alegacións presentadas, con base no seguinte:

- Tendo en conta a redacción da pregunta número 21 da proba teórica do proceso selectivo que



Concello de Viveiro

textualmente di:

21.- ¿A que se adhíre mellor o xeso?:

- a) Á auga.
- b) Á madeira.
- c) Ao mármo.
- d) Ningunha é correcta.

Tendo en conta que este tribunal deu por válida a resposta b).

Tendo en conta que a información da pregunta 21 suscita dúbidas razoables sobre a resposta a elixir como correcta, este Tribunal entende que se debería ter ofrecido máis información respecto ao nivel de porosidade e á preparación de materiais para posterior fixación do xeso, en aras a garantir unha resposta clara e concisa.

Con base na resolución da alegación presentada, os membros do Tribunal acordan por unanimidade **as puntuacións acadadas por cada un dos aspirantes neste primeiro exercicio, unha vez realizada a anulación da pregunta 21, computando a primeira pregunta de reserva, e que son as seguintes:**

N.º DE CONTROL	PREGUNTAS BEN CONTESTADAS	PREGUNTAS MAL CONTESTADAS	PREGUNTAS EN BRANCO	PUNTUACIÓN
001	22	5	3	6,33
002	23	3	4	7,06
003	20	3	7	6,06
005	17	8	5	4,06
006	14	14	2	1,86
007	19	8	3	4,73

Tendo en conta a modificación da data para a citación do 2º exercicio do proceso selectivo que foi publicada en data 21 de xullo no Taboleiro de Anuncios Dixital, páxina web do Concello, así como no local de celebración da proba.

Os aspirantes que aprobaron o primeiro exercicio quedan citados para a realización do segundo exercicio, a acudir martes día 09 de setembro de 2025 ás 09:00 horas na Sala Multiusos do Concello de Viveiro (Praza Maior s/n-Viveiro) para a realización do segundo exercicio segundo establece o punto 10 das bases xerais do proceso selectivo, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Presidenta,

A Secretaria,

Dña . María Rosario San Isidro Franco

Dña. María Del Carmen Barro Cociña

Os/as vogais,

Dña. Santiago Silva Rey

D. Jose Luis Montero Carrodegas

D. Antonio Manzano Gabarre

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

